



## Concello de Trabada

Trabada, 19 de setembro de 2022.

Estimados/as veciños/as:

Dírxome a vós para informaros de que o Concello de Trabada pon a disposición dos veciños e veciñas empadroados no Concello **o servizo de transporte gratuíto para acudir a cursos de natación á piscina municipal de Ribadeo.**

Considerando unha prioridade deste goberno o fomento do deporte e de hábitos de vida saudables, porque para nós é moi importante ofrecer, dende a administración local, diferentes actividades culturais ,deportivas, de ocio... de forma que os nosos veciños e veciñas teñan as mesmas oportunidades con independencia do lugar no que vivan, ofrecémosvos este servizo que se farán no caso de haber un número mínimo de inscritos, xa que a nosa obriga é facer un uso responsable e eficiente do que é de todos, o diñeiro público.

Como sabedes, dende que chegamos ao goberno, traballamos intensamente co único obxectivo de mellorar o noso Concello e polo tanto, a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, poñer en marcha iniciativas como esta que ademais dos efectos positivos que teñen para a nosa saúde tamén son unha ferramenta de conciliación laboral e familiar.

Dende o Concello de Trabada contactamos coa xerencia da piscina municipal de Ribadeo. Establecen cursos para grupos as tardes dos venres co seguinte horario e cuotas mensuais:

	<b>HORARIO</b>	<b>CUOTA/MES</b>
<b>NENOS/AS</b>	<b>DE 19:00 A 19:45</b>	<b>13,92 €</b>
<b>ADULTOS/AS</b>	<b>DE 19:45 A 20:30</b>	<b>19,51 €</b>

Asimesmo, indicámosvos que as prazas máximas para os nenos/as son de 10 de aprendizaxe e 15 de perfeccionamento; para os adultos 5 de aprendizaxe e 10 de perfeccionamento e que para poder levarse a cabo hai que contar cun grupo mínimo de 12 nenos/as e 6 adultos. Por tratarse de un grupo pechado, os usuarios non terán que aboar a matrícula. Os/as menores de idade irán acompañados por un monitor/a durante a viaxe de ida e volta e o tempo de espera ata que remate o derradeiro turno.

Por último, coa finalidade de organizar este servizo e saber se contamos cun número mínimo de inscritos para poder prestalo, pregámosche que se estás interesado nos fagas chegar cuberta a folia de inscrición antes do 30 de setembro de 2022. A admisión será por orden de entrada no Rexistro Xeral do Concello.

Unha forte aperta da vosa alcaldesa.  
Mayra García Bermúdez.

**Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno: 982.135.011 Fax: 982.135.257



Cod. Validación: 3ASWZHNPPZ3QHMR4E4ZZGF | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



**Concello de Trabada**

---



Cod. Validación: 3ASWZHNPFPZ3QHMRAEW4ZZGF | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

---

**Concello de Trabada**

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno: 982.135.011 Fax: 982.135.257